

**RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO EXTRAORDINARIA
DE 7 DE SETEMBRO DE 2023**

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: **2023/00037261M.**

[Ratificación da urxencia da convocatoria.]

Ratifícase a urxencia.

2. CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ. Referencia: **2023/00016156Z.**

[Autorización de renovación da frota do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros, ano 2023.]

Acórdase:

1.- Aprobar, por razón de necesidade urxente e inminente e en base ás consideracións xurídicas expostas nos considerandos, a substitución de 12 vehículos adscritos ao transporte urbano colectivo de viaxeiros levado a cabo pola empresa AUTOBUSES URBANOS DE LUGO, S.A. Y TRAP S.A., Lei 18/1982.

2.- Aprobar a incorporación de 12 vehículos adscritos ao servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros que serán facilitados pola empresa Autobuses Urbanos de Lugo y TRAP, S.A. UTE Lei 18/1982, operadora do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros, no prazo de 30 días a contar dende a notificación do acordo, oito deles; e de 45 días, os 4 restantes e que será aboado polo Concello como indemnización polo déficit na prestación do servizo, a razón de 4.390€, por vehículo/mes ata que se proceda á sinatura do acta de inicio da prestación do servizo por parte do adxudicatario do novo contrato de xestión do servizo público de transporte colectivo urbano de viaxeiros do concello de Santiago de Compostela, en réxime de concesión administrativa.

3.- Acordar a continuidade de prestación dos servizos derivados do contrato de transporte colectivo urbano de viaxeiros coa UTE TRAPSA-AULUSA, nos mesmos termos que foron pactados mediante o contrato de data 15 de febreiro de 2006, en base ás consideracións que se fixeron constar no acordo da Xunta de Goberno de 2 de febreiro de 2022 e que seguen a manterse nos mesmos termos ata que se leve a cabo a acta de inicio da prestación do servizo por parte do adxudicatario do novo contrato de xestión do servizo público de transporte colectivo urbano de viaxeiros do concello de Santiago de Compostela, en réxime de concesión administrativa.

3. CONTRATACIÓN. Referencia: **2021/00028748X**

[Declaración, por razón de interese público, da desistencia do procedemento de adxudicación da xestión do servizo público de transporte colectivo urbano de viaxeiros do municipio de Santiago de Compostela.]

Acórdase:

Primeiro. Declarar, por razón de interese público, a desistencia do procedemento de adxudicación da Xestión do servizo público de transporte colectivo urbano de viaxeiros do municipio de Santiago de Compostela.

Segundo: Notificar este acordo ao TACGAL así coma aos licitadores que presentaron oferta neste procedemento de adxudicación:

- ALCALABUS SL

- NEX CONTINENTAL HOLDINGS, SLU

Terceiro: Publicar este acordo no perfil do contratante e na Plataforma de Contratos do Sector e dar conta á Comisión europea mediante a súa publicación no DOUE.

4. ÁREA I. ÓRGANOS DE GOBERNO, ADMINISTRACIÓN XERAL E RÉXIME INTERIOR. Referencia: **Validación omisión función interventora F/2023/1072.**

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda da factura (1) expedida por Mapfre España Compañía de Seguros y Reaseguros, S.A., en concepto de seguro para a cobertura dos riscos por responsabilidade civil/patrimonial do Concello de Santiago de Compostela, correspondente ao período que abrangue a segunda anualidade do contrato (do 29 de decembro de 2022 ata o 29 de decembro do ano 2023).)

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de CENTO CORENTA E OITO MIL NOVECIENTOS EUROS (148.900,00 €), segundo factura con número de rexistro de facturas F/2023/1072 que se achega no expediente, expedida por MAPFRE ESPAÑA COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo